

Manuel Rodríguez López
C/ Pangola 10, 2º 22
Barcelona - 6

Barcelona 1/11/77

Srta. M^{ca} Dolores Loto
Villalba.

Moi apreciada Srta Dolores:

Moitas graúñas polas mas verbas garimosas.

Non son merecente de tantas gabarizas.

Direille que "A EMIGRANTE" tivo moi boa aco-
llida. Eiqi en Barcelona, en Radio Miramar, fi-
xéronme un interviu e un cantante púxolle música
e cantón o poema, acompañado de guitarra, pola dita
emisora.

Omnium Cultural Galego, tamén a publi-
cará no libro-programa que vai aparecer próxima-
mente.


E Don Manuel Traga mandóume unha
tarxeta dándome a moraboa e adicóume un libro
dil. Fíxome moita ilusión.

Pelo contrário, a crise económica xa chegou á
empresa onde traballo. e estamos a preparar o Expediente
de Crise. Dempoís de 20 anos de traballo, hastra
dezar a dese administrativo é de lamentar chegar
a estes problemas que non sei cómo se lian resolver
xa que danse a nivel nacional. Esperemos que o
pobo recapacite e podamos tornar á normalidá.

Agradeceíalle que me mande o enderezo do foto-
grafo do día da festa do Certamen; pois agradecería
me ter duas ou tres fotos como recordo daquél día.

Sin outra novidade, recíba milia aperta cordial

do s.s. s.

A handwritten signature in blue ink, consisting of a stylized 'M' followed by a long horizontal stroke.